



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 7 DE XULLO DE 2014

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día sete de xullo de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez e don Manuel Marante Gómez.

Non asisten e presentan escusa don Felipe Andreu Barallobre, dona Marta Maria Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama.

Intervén, como secretaria accidental, dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinarias de datas 25 de xuño e 1 de xullo de 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros asistentes á sesión, acordou deixar os borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local de datas 25 de xuño e 1 de xullo de 2014 sobre a mesa para a súa aprobación na vindeira sesión.

2º.- Correspondencia

- Real decreto-lei 8/2014, de 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia. (Boletín Oficial do Estado número 163 de data 5 de xullo de 2014).

- Resolución definitiva da concesión de subvencións correspondentes ao programa F0102: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de investimentos deportivos, durante o ano 2014, da área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña. Figura como beneficiario o Concello de Cambre, co obxecto "reparación dunha pista deportiva existente na rúa Otero Pedraio (Cambre)", por importe de 5.960,39 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 124, do día 2 de xullo de 2014).

- Escrito da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Dirección Xeral de Mobilidade, rexistrado de entrada con data do día 2 de xullo de 2014 co número 0/5346, ao que achega a resolución de corrección de erros da Resolución de 25 de abril de 2014, de reestruturación das condicións de explotación do contrato de xestión do servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral V-7034; XG-408, A Coruña-Santa Comba, con anexos, de titularidade da empresa Automóviles Sigrás-Carral, S.A.

- Resolución do 18 de xuño de 2014, do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se conceden subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a proxectos de aforro e eficiencia enerxética para a renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes (ILE) nos concellos de Galicia, sobre a base da convocatoria anticipada de subvencións realizada pola Resolución do 23 de decembro de 2013 deste mesmo órgano (Diario Oficial de Galicia número 18, do 28 de xaneiro de 2014). Figura a agrupación concellos Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros, Sada, Betanzos, Bergondo, Abegondo, cunha contía subvención por importe de 277.752,29 euros. (Diario Oficial de Galicia número 126 do día 4 de xullo de 2014).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que con data do día 27 de xuño de 2014 se asinou a adjudicación da subministración e instalación da sinalización vertical de instalacións deportivas municipais á empresa Lufisa Servicios, S.L.

A seguir informa que este sábado terá lugar a copa galega de todas as categorías de halterofilia no anfiteatro.

Para rematar a súa intervención, don Fernando Caride Suárez informa que hoxe ás doce horas terá lugar unha rolda de prensa para presentar o II campus tecnificación do Club Básquet Cambre.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Diaz informa que hoxe ás doce horas terá unha reunión na alcaldía cos propietarios do terreo onde pretende instalarse o parking no núcleo urbano de Cambre, para tratar de chegar a un acordo.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Don Manuel Marante Gómez informa que están a ultimar a adquisición dos terreos para instalar as depuradoras de saneamento tanto en Andeiro como en Santa Maria de Vigo. Engade que pensa que esta semana estará resolto.

Tamén informa que se xestionou para poder dotar de iluminación o tramo de estrada entre Fabás e A Castellana, estrada pertencente á Xunta de Galicia. Hoxe estiveron no concello técnicos da Xunta.

Para rematar a súa intervención, don Manuel Marante Gómez informa que a semana pasada tivo lugar a selección de persoal para a brigada contraincendios e espera que comezen a traballar na vindeira semana.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que o vindeiro xoves día 10 de xullo terá lugar unha homenaxe ás vítimas do terrorismo na praza Miguel Angel Blanco.

A continuación informa que o vindeiro martes día 15 de xullo terá lugar un acto do primeiro aniversario do falecemento de José Luis Murúzabal, no cal se colocará un monólito na praza da Ría, lugar onde pasou unha etapa importante da súa vida.

Para rematar a súa intervención, dona Maria Jesús González Roel informa que mañá se reunirá coa nova directiva do CEIP David Buján, para os efectos da súa presentación.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria accidental



Manuel Rivas Caridad



Verónica María Otero López